

## Vida nunha novela

Vivo en Santiago dende os oito anos, daquela xa me custaba relacionarme coas persoas polo que pasaba a meirande parte do meu tempo na librería do avó.

Entre os estantes atopei a mellor compañía nos libros e naqueles que os habitan.

O avó sempre dicía que ler é un dos praceres da vida, que ten moitos beneficios.

—Podes viaxar dentro da historia se queres —"coa imaxinación", pensaba que se refería á imaxinación, nunca mo dixo, tampouco preguntaba.

Pasaron case dez anos da mudanza cando descubrín a verdade, non era imaxinación, nin paradoxo, nin metáfora, nin alegoría; non para Lía.

A primeira vez que ouvín falar dela foi uns meses antes do falecemento do avó, estaba moi preocupado porque non facía amigos no instituto e quería axudar.

—Cústache facer amigos, non é? —dicía, mentres buscaba nunha caixa.

—Sei dunha moza, Lía chámase, da túa idade que sempre anda nos libros.

Dubidei, eu sempre estaba na librería e nunca vira unha moza que visitara a tenda máis de tres veces, mais o avó insistiu naquilo que repetía tantas veces.

—Dentro dos libros, recorda que un pode viaxar dentro deles —comentou ao tempo que sacaba un da caixa—. Este é o seu favorito.

Era vello, tanto que non se distinguían as letras da portada.

—Cal é a trama?

—Non sei, pregúntallo a Lía cando a vexas.

Arrepentíame de non preguntar máis, ou de pedir explicacións máis claras. A novela negra non foi o meu xénero favorito ata o fin de carreira, polo que non tiña ningún referente para seguir as pistas en código do meu avó.

O tempo seguiu, o avó enfermouse e pouco despois faleceu, pai tivo que vender a librería, xa que eu aínda era moi novo para ter un negocio e el xa tiña traballo. Sen o avó, todos aqueles libros quedaron fóra do meu alcance ata que alguén mercara o establecemento.

Todos salvo un. Un libro vello, tan vello que non se distinguía o título. O avó deixoumo como herdanza xunto cunha nota:

"Non podía deixar a Lía sen lugar para vivir, serei claro esta vez, atoparás a Lía dentro deste libro, verala nas imaxes e falará a través dos textos. Podes non crer o que che digo, mais bótalle un ollo ao libro anda, polo teu avó."

Crino? Non, estaba moi triste pola perda, logo moi confundido pola mensaxe e finalmente moi afectado pola falta de material de lectura, tanto que lle fixen caso á nota e abrín a obra, o que me confundiu máis.

As primeiras palabras eran: "Ola, chámome Lía, por favor, vai á páxina 34 para falar cara a cara". Decidín obedecer.

A páxina estaba totalmente ocupada por unha ilustración dunha moza sentada a carón dunha xanela, miraba o mar cuns ollos tristes. De súpeto o debuxo moveuse, coma un vídeo, e sorriume; ao mesmo tempo, na páxina 33 o texto mudou, as letras desprazáronse, aparecían e desaparecían: "Debes de ser o neto de Pepe, un pracer".

Non respondín de inmediato. Como facelo? Quedei pensando en todo o que o avó me contara sobre viaxar nas historias.

—Vives no libro? Escóitame? Como? Que pon no título? — tiña demasiadas preguntas, das cales só respondeu as dúas primeiras de xeito positivo; Lía tampouco sabía o título, ou non o lembraba.

Dende ese día pasei moitas horas falando con ela entre as páxinas da novela. Tratando de saber máis, falamos do avó, do día a día no mundo real e fun intentando descubrir os segredos da miña nova amiga, a única que tiven, que teño, máis ben, no libro que levo comigo a todas partes.

Hoxe en día, xa matriculado en Filoloxía e Historia sigo sen saber a súa orixe, o que sei é que forma parte da miña vida tanto coma os libros nos que vive.